



A Fontaneira – A Fontaneira (Santiago) – Baleira, 1981-02
Informante: Florencio López Fernández, “o Cego dos Vilares” (66)
Compiladora: Dorothé Schubarth
Transcrición: Dorothé Schubarth e Antón Santamarina

Carmiña do meu agrado
bonita cara de rosa
di se me queres axiña
non señas tan recelosa.

- Tedes esta ou no? No, esta paréceme que no.
- Temos, temos.
- Muito ben falas Manolo... Pois logo... (...)

A miña muller morreume
enterreina no palleiro,
e deixei un brazo fora
pra que tocasse o pandeiro.

A miña muller morreume
i enterreina pola casa
e deixei un ollo fóra
pra que sepa o que se pasa.